

XVII Premio de Relato Curto

Bases da convocatoria

1. O Premio está aberto ao público en xeral, agás os integrantes da XuntaDirectiva actual.

2. O tema será de libre escolla, rigorosamente inédito e redactado en Lingua Galega.

3. O relato terá un máximo de sete páxinas, tamaño DIN A4, interlineado a dobre espazo, letra Times New Roman, tamaño 12.

4. Os relatos achegaranse por dúas posibles vías:

4.1) correo electrónico a **alumni@usc.es** con dous arquivos adxuntos: un co relato presentado baixo pseudónimo, e outro arquivo no que se indican o nome e apelidos, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico,

4.2) por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, Rúa da Conga, n.º 1, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña), nunsobre con tres copias do relato e ademais un sobre pechado, en cuxo exterior figure o pseudónimo e no interior unha folla co nome e apelidos, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

5. A documentación presentada ao concurso por correo certificado non se devolverá ao autor.

6. O prazo de admisión dos relatos estará aberto entre o 15 de maio e o 15 de xullo de 2023.

7. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da Asociación, sen que os autores teñan dereito a compensación económica algunha.

8. O xurado estará composto por persoas entendidas na materia. Este poderá declarar deserto o premio e a súa decisión será inapelable a todos os efectos.

9. O premio terá unha dotación de 500 euros, patrocinados polo Hospital HM La Rosaleda. Entregarase un diploma acreditativo.

10. O feito de presentarse a este concurso supón a aceptación e cumprimento das bases expostas.

Convoca

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela
(Alumni USC)



Patrocina

